

# AUNG SAN SUU KYI

Aung San Suu Kyi naceu en Birmania no ano 1945. O seu pai foi o fundador do Exército Birmano Moderno e en 1947, antes de ser asasinado, negociou a independencia de Birmania do Imperio Británico. A súa nai foi diplomática e en 1960 ocupou a embaixada de Birmania na India.

Aung San Suu Kyi educouse en Gran Bretaña, onde se graduou en Filosofía, Economía e Ciencias Políticas na universidade de Oxford. Durante un tempo traballou na Secretaría das Nacións Unidas en Nova Iork. Tamén foi mestra na India.

En abril de 1988 regresa a Birmania para coidar da súa nai, enferma. Daquela, comprobou a represión das manifestacións nas que o pobo birmano protestaba contra o réxime ditatorial esixíndoo restablecemento da democracia. Foi entón cando comezou a organizar un movemento a favor dos dereitos humanos e da instauración dun réxime democrático.

Inspirada na política da non violencia de Gandhi, organizou mitins por todo o país para pedir eleccións libres. Fundou a Liga Nacional para a Democracia (LND), unha formación na que se reuniron todos os membros da oposición. En xuño de 1989 tras saír ilesa dun atentado, foi posta baixo arresto domiciliario, algo que se converteu nunha constante na súa vida.

En 1991 recibiu o Premio Nobel da Paz pola súa loita non violenta, con grave risco persoal, a prol da democracia e dos dereitos humanos. Por mor do seu arresto domiciliario non puido acudir a recollelo, sendo o seu fillo Alexander o encargado de recibilo no seu nome.

Na actualidade, *La dama de Rangún*, alcume co que é coñecida Aung San Suu Kyi continúa baixo arresto domiciliario.

Adriana Vilarinho Moreno

1º Bacharelato B